

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR 2015

En aplicación da taxa de reposición (datos de 2014) establecida na Lei Xeral de Orzamentos do Estado do ano 2015, acordouse no Consello de Goberno de 17 de xullo de 2015, aprobar a oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo integrada por oito prazas de profesorado contratado doutor no ano 2015, das que dúas deben corresponder a investigadores que remataran o contrato do programa Ramón y Cajal e acadasen o I3.

Coa fin de seleccionar as áreas de coñecemento nas que se convocarán estas prazas, o Consello de Goberno de 29 de outubro de 2015 aprobou os "*Criterios para a selección de áreas de coñecemento na convocatoria de prazas de Profesorado contratado doutor no ano 2015*"

Por isto, esta vicerreitoría pon en marcha a presente convocatoria para a selección de áreas de coñecemento nas que existan persoas interesadas.

2. Requisitos das persoas solicitantes

Os/as solicitantes deberán posuír algún dos seguintes perfís:


1. Persoal da Universidade de Vigo que, a 31 de decembro de 2014, tivese a condición de profesorado contratado doutor interino.
2. Persoas que remataran o seu contrato do programa Ramón y Cajal na Universidade de Vigo e estean en posesión da certificación I3 e que, así mesmo, a 31 de decembro de 2014, tivesen a condición de profesorado contratado doutor interino.

3. Formalización das solicitudes e procedemento:

- 3.1 As persoas solicitantes deberán cubrir a instancia do ANEXO I.
- 3.2 Xunto coa dita instancia deberá achegarse:

3.2.1 Copia da certificación da acreditación para o corpo de Profesor Contratado Doutor e/ou Profesor Titular de Universidade.

3.2.2 No seu caso, copia da documentación que acredite avaliación positiva na certificación I3.



- 3.3 A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.
- 3.4 As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral (Edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario 36310-Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. No estranxeiro, as solicitudes poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.
- 3.5 O prazo de presentación de solicitudes será do **3 ao 13 de novembro de 2015**.

Vigo, 30 de outubro de 2015

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M Graña Rodríguez